



ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 6 DE XULLO DE 2021

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M. Carmen

Fernández Fernández, Adolfo

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina

PDI

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Presedo Garazo, Antonio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé R.

Estudantes

Lozano Ramírez, A. Tierra

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpan ausencia:

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

A xunta realízase de xeito presencial na sala de Profesorado do Edificio de Facultades e, de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe, o martes 6 de xullo de 2021, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 27 de maio de 2021.
2. Informe da presidenta.
3. Debate e toma de decisión sobre a modalidade de docencia para o curso 2021/2022.
4. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos que xa foron validados na Comisión de Calidade:
 - 4.1. Aspectos relacionados coa planificación da docencia do curso 2021/2022:
 - 4.1.1. Guías docentes do grao en Xeografía e Historia.
 - 4.1.2. Calendario académico.
 - 4.1.3. Horarios do grao en Xeografía e Historia e do PCEO Turismo- Xeografía e Historia.
 - 4.1.4. Calendario de exames para o curso 2021/2022.
 - 4.1.5. Calendario de solicitude, depósito e defensa do TFG.
 - 4.2. Criterios de asignación da materia de Prácticas Externas para o curso 2021/22.
 - 4.3. Rexistro para o seguimento e control da docencia para o curso 2021/22.
5. Rolda de intervencións.

A decana da lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta. Hoxe están presentes ademais dos membros de xunta de facultade profesorado que por non ser membro asiste con dereito a voz e sen dereito a voto.





1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 27 de maio de 2021.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da presidenta.

A decana informa sobre os seguintes aspectos:

Inicia agradecendo a presenza a tódalas persoas presentes, tanto presencial como virtualmente.

- Os datos de preinscrición da matrícula son moi bos: 40 prazas ofertadas, 44 alumnos en primeira opción e 42 en segunda. É unha grande satisfacción, ela pensa que é froito do traballo, pero en moitas ocasións, a pesar de traballar non se recollen resultados. Empeza para a semana próxima a matrícula pero é evidente que os que vaian ás ABAU en xullo non terán opcións para acceder ao grao. No PCEO unicamente hai tres preinscritos en primeira opción. A experiencia destes últimos anos é que ao final acaban cubríndose tódalas prazas. Tamén habería que reflexionar no sentido en que as nosas enerxías de captación diríxense unicamente ao Grao en Xeografía e Historia, quizais habería que incluír tamén o PCEO. É un mero comentario, xa lle corresponderá a decisión ao próximo equipo decanal.

- Celebrouse a entrega dos “Premios #XenteQueFaiHistoria. Como ensinas Xeografía e Historia?”. Foi un acto entrañable e as profesoras premiadas mostraron a súa lelicia e déronnos os parabéns pola iniciativa. Houbo comentarios en redes en relación a que o proxecto gañador non era inédito. Pero as bases en ningún momento dicían que tiña que ter esta característica. Premiábase a iniciativa de impartir a historia, a arte e a xeografía dun xeito diferente ao tradicional, lonxe do recurso memorístico.

- Os reitores das tres universidades galegas asinaron coa Xunta de Galicia un acordo en relación ao proxecto do novo mapa de titulacións. De momento saú un listado de mestrados que é consecuencia dun encargo que a Xunta de Galicia realizou ao FEUGA que tiña como misión establecer os títulos máis demandados pola sociedade. Son aproximadamente doce mestrados pero ningún da área de humanidades. O reitor comentou en Consello de Goberno que no anuncio dos títulos no Consello de Universidades, foi precisamente unha empresaria a que indicou que botaba de menos que non houbera títulos de humanidades, recalcando que as empresas necesitaban persoas formadas neste campo. A decana amosa a súa indignación por este desprezo ás humanidades.

- En breve vaise crear un mapa de titulacións novo que incluíría títulos de grao e sobre este tema é o acordo dos reitores coa Xunta. A chegarase este documento por correo electrónico. A idea é que os centros vaian analizando posibles





propostas. Está claro que a Xunta vai abrir, neste caso, o camiño ás humanidades, acusando o erro da ausencia de títulos nos novos mestrados.

Ante esta situación de novas posibilidades do grao o decano da Facultade de Humanidades do Campus de Lugo propuxo realizar unha xuntanza con ela e coa decana da Facultade de Humanidades de Ferrol. Argumentando que vía positivo que os tres centros dos campus periféricos reflexionaran sobre a posibilidade de considerar a proposta dun novo grao conxunto. No acordo primarán graos interuniversitarios, que non dupliquen os existentes e que teñan posible demanda. A proposta concreta foi dun grao en Humanidades Dixitais que ao parecer está funcionando moi ben en Mondragón. Hoxe só o trae como unha cuestión informativa, xa que a xuntanza foi onte, habería que tratalo como punto da orde do día en setembro. Se hai apoio das respectivas xuntas de facultade, falaríase coas vicerreitorías responsables nas tres universidades para solicitar que apoiem esta opción e creárase unha comisión de traballo.

Intervén a profesora Carmen Pérez Maestro para dicir que coñece esa titulación e que ten moito éxito noutros países. O profesorado procede de historia da arte, periodismo, etc. ; habería que contar con profesorado de distinta tipoloxía.

- A outra nova, preocupante, é que parece que a USC está preparando a proposta dun Grao en Xeografía e Historia, outro en Patrimonio Arqueolóxico e un Mestrado en Humanidades Dixitais. A primeira proposta non se entende, xa que un dos requisitos no acordo asinado coa Xunta é que non haxa duplicidades. É evidente a gravidade de que vaian nesa liña. Noutro orde de cousas, pensa que o camiño natural dun centro universitario é que intente medrar na súa oferta, é consciente que non é doado porque supón moito traballo. Se a nosa facultade desexa optar por algo terá que ter un equipo decanal con ganas de asumir os retos. Lembra que este equipo estará hasta xaneiro sen posibilidade de continuar. Destaca a importancia de que nun futuro inmediato se xere un novo mapa de titulacións. En calquera caso, no tema concreto da proposta do Grao en Humanidades Dixitais, reitera que se vai incluír na orde do día da próxima Xunta de Facultade. Hoxe só se trataba de informar e intercambiar opinións, xa que a xuntanza cos/as responsables de Lugo e Ferrol foi onte.

- A continuación informa sobre a futura proposta de calendario electoral a decana/o. No mes xullo que rematan os seis meses de mandato como decana comisaria; non está permitido convocar eleccións porque non é período lectivo e non está o alumnado. En setembro tampouco é posible porque caduca a representación dos membros da Xunta de Facultade que non sexan natos e, polo tanto, haberá que resolver previamente esta circunstancia. Así que a nosa idea é convocar a data das eleccións a decana/o coincidindo co novo exercicio económico que comezará en xaneiro do 2022. Este equipo seguirá traballando como ata agora ata a finalización do seu mandato.





Ao profesor José Antonio Díaz parécelle moi interesante que a facultade entre a tratar o asunto dos novos graos. Haberá que falar entre todos e a partir dese momento, decidir si vamos ou non vamos. É partidario da proposta que fai o Campus de Lugo, evidentemente hai que falar e deberán facelo as persoas que poidan formar equipo e traballar. El propónse para axudar, opina que quedarnos quietos penalízanos e moito. Engade que esta universidade ten moitos asociados e doutores e que dar a batalla desde a base, pensar e reflexionar, se os órganos reitores están de acordo.

O profesor Xosé Ramón Campos, tamén opina que debemos adherirnos á proposta.

Intervén o profesor Julio Prada para comentar que as preferencias da política prevalecen, así o conselleiro é de onde é, a xunta está onde está e Santiago pasa por riba disto. Para el o grave, é que a Universidade de Santiago de Compostela poida pensar en impartir o Grao en Xeografía e Historia. Que teña que chamar o decano de Lugo ás decanas de Ferrol e Ourense, é porque Santiago non conta co seu propio campus é opina que é revelador de como funcionan estas cousas. Xa pasou algo similar co grao en Relacións Internacionais.

Calquera titulación que se cre a maiores no ámbito de Humanidades será prexudicial para o noso título do Grao en Xeografía e Historia, porque restará demanda. En calquera caso, estas decisión realízanse a nivel político, se nós non contamos co apoio firme do noso reitor e Ferrol co da UDC e Lugo co da USC. Non acaba de ver máis percorrido se isto non se empeza a facer. Reitera que xa pasou algo similar co Grao en Relacións Internacionais.

A decana opina que se se propón algo coherente imos ter o apoio do reitor. Que a Xunta fai e desfai, incumprindo, as veces, certas normas é certo. Ela informa desta proposta para ir reflexionando. Pódese decidir non ir a nada, iso depende do acordo que se tome. Esta proposta parte do campus de Lugo. No tema da USC ela encargaralle ao noso reitor que vixie que non poñan un grao similar porque poderían facernos moito dano.

O profesor José Antonio Díaz, comparte a opinión de Julio Prada, engade que se conseguimos a implicación do campus e do reitor, sería interesante facer algo. Se nos obrigan a competir, debemos competir.

A profesora Beatriz Vaquero, tamén de acordo con Julio Prada, explica que fai pouco comezaron a duplicar titulacións na universidade privada e o reitor ten que estar máis que atento. Considera que habería que valorar a nosa capacitación para a titulación de humanidades dixitais, sendo un contido moi novidoso no noso marco. Facer esa titulación entre nós Lugo e Ferrol, tendo que contar con outros títulos do campus, non o ve moi claro. Habería que analizar o contido en relación as nosas capacidades.





O profesor Xosé Ramón Campos, afirma que o importante e urxente é defender a nosa titulación.

Para a profesora Elena de Uña, o máis importante non é a proposta de Lugo, que se pode considerar se nos axustamos ou se non. O punto clave está na liña de Julio Prada, que incide no éxito do noso grao. Temos que felicitar o éxito do traballo do equipo decanal e de todo o profesorado, porque é moi importante o que desde a nada estamos conseguindo. O que sería máis grave é que se aceptase a proposta de que a USC imparta un título igual ao noso. O reitor non debe estar soamente vixiante, ten que comprometerse a que non se vaia duplicar.

A decana indica que no acordo asinado, en teoría, non pode haber duplicidades. Pero empregaranse tódalas forzas para que non se faga. A ela tamén lle parécelle unha ameaza. Para Elena de Uña a verdadeira ameaza é esa porque este título xa existe en Galicia. Susana Reboreda, explica que a palabra vixiante que empregou coa actitude do reitor non é a axeitada e corríxea; cre que o reitor defenderá con todas as súas posibilidades que iso non suceda.

Entende que tras as interesantes opinións, deixámolo tema e retomámolo á volta na orde do día. O curso comezará o día 6 de setembro.

Susana Reboreda acaba este apartado de informes agradecendo en nome de Francisco J. Pérez todo o cariño e apoio recibido pola comunidade universitaria nestes difíciles momentos persoais.

3. Debate e toma de decisión sobre a modalidade de docencia para o curso 2021/2022.

A decana comenta que este tema xa se comentou e debatiu en reunións anteriores. A proposta é ir á modalidade presencial total e, polo tanto, non realizar quendas. A ocupación COVID xa está confirmada. En aulas de bancada é un asunto si e outro non, nas outras de un metro polo que o aforo medra. En concreto, a proposta é que se o aforo dun aula non chega, que se vaia a outra próxima para asistir en remoto con portátil e cascos. Cada curso terá asignada un aula específica a maiores. Neste caso habería que continuar co compromiso de seguir dando as clases en remoto.

Julio Prada indica que por el non hai inconveniente, o que lle preocupa que se o proposta real é a de seguir docencia síncrona porque non hai espazo na aula, hai que considerar se simplemente deriva do feito que o alumnado non queira asistir a clase. Opina que se imos á presencialidade, isto debería quedar reflectido.

Susana Reboreda explica que, se hai cabida para os presenciais na aula xa non sería necesario a conexión en remoto. Esa pode ser unha boa premisa para





incentivar a presencialidade. En primeiro curso temos capacidade para 52 estudantes.

Xosé Ramón Campos, indica que a experiencia é que a asistencia en aula era moi reducida.

Beatriz Vaquero mostra a súa opinión no mesmo sentido. Engade que, por outra banda, había xente que quería asistir noutra quenda diferente e non podía. Entende que a partir do primeiro mes van a entrar todos na aula sen problemas.

Elena de Uña, incide no tema de que se todos teñen cabida presencialmente, non habería necesidade de facelo en remoto.

A decana expón que por número de matrícula non caberían todos nas aulas. Por exemplo en segundo curso pode haber problema de espazo. En terceiro e cuarto cre que non. Hai que animar ao alumnado a que veña ás aulas. Tamén se pode empregar a aula remota para gravar pensando nas demandas do alumnado semipresencial, que sempre solicitan este recurso.

Aprobase por asentimento a presencialidade nas aulas e realizaranse os cálculos numéricos necesarios de previsión en función das matrículas.

4. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos que xa foron validados na Comisión de Calidade:

A decana indica que, como ven sendo habitual, os asuntos de calidade foron tratados e validados previamente en Comisión de Calidade. No suposto de que alguén desexe algunha aclaración ao respecto da documentación incluída en esta convocatoria, pode realizala. Non se formulan preguntas, propónse pois a aprobación dos seguintes puntos:

4.1.Aspectos relacionados coa planificación da docencia do curso 2021/2022:

4.1.1. Guías docentes do grao en Xeografía e Historia.

Indícase que son as mesas que as do PCEO. A profesora Beatriz Vaquero explica un pequeno cambio que en realidade é unha mera formalidade en relación a un cambio na avaliación. Cuestión formal que non ten maior transcendencia.

Agradéceselle a Beatriz Vaquero que nos facilite esta tarefa e que participe activamente no proceso de unificación das guías docentes.

Apróbanse as guías docentes por asentimento.





4.1.2. Calendario académico.

Apróbase por asentimento.

4.1.3. Horarios do grao en Xeografía e Historia e do PCEO Turismo-Xeografía e Historia.

Apróbase por asentimento.

4.1.4. Calendario de exames para o curso 2021/2022.

Apróbase por asentimento.

4.1.5. Calendario de solicitude, depósito e defensa do TFG.

Apróbase por asentimento.

4.2. Criterios de asignación da materia de Prácticas Externas para o curso 2021/22.

A proposta da coordinación de Calidade é validar a prórroga deste rexistro. Se o novo regulamento implicara reformas, tería que voltar a esta Comisión.

Apróbase por asentimento.

4.3. Rexistro para o seguimento e control da docencia para o curso 2021/22.

Este rexistro, que no ano anterior se prorrogou cunha pequena addenda, houbo que actualizalo as novas casuísticas da docencia, como por exemplo que o control da docencia non implica a sinatura en papel na aula, se non que fai a través dun código QR.

Apróbase por asentimento.

6. Rolda de intervencións.

Non se presentan.

A decana despídese de tódolos membros indicando que poden pasar a recoller un agasallo na secretaría do decanato e que non haberá máis xuntanzas ata despois do verán e desexando unhas boas e merecidas vacacións; engade que este foi un ano complicado para tódalas persoas da Universidade. Desexa unhas felices vacacións e que o curso que ven sexa máis doado.





Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.15 h do día 6 de xullo de 2021, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboveda Morillo

O secretario
Asinado dixitalmente
Julio Prada Rodríguez

